

Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Cartas de inverno

É un libro que trata dun conxunto de cartas escritas por un amigo da infancia de Xabier, Adrián, que exerce de pintor. Este quixo pasar unha tempada illado do mundo para inspirarse, entón un día no periódico encontrou un anuncio dunha casa en vendas que supostamente estaba enmeigada segundo o dono. El interesouse nesa casa e acabou mercándoa. Pero a medida que pasan os días nesa casa ocórrelle cousas estrañas, e estes sucesos llos conta a Xabier mediante cartas, e que estas mesmas ían acabar nas mans de Tareixa, a irmá de Xabier, e esta tiña a obriga de entregarllos ao inspector de Vigo, amigo de Xabier. Todo remata con que Tareixa ... O libro pareceume unha obra magnífica por parte dun autor que a min sempre me impresionou coas súas obras, que dende que lin o primeiro libro seu en 1º da ESO pareceume un autor que ten a capacidade de meternos nos seus relatos. O que menos me gustou deste libro é que o autor case sempre emprega os anuncios por palabras para anunciar ou destacar un obxecto ou sucesos. O que máis, e o emprego dun vocabulario de fácil comprensión e unha fácil visualización na mente do que está a suceder nese instante do libro. Eu en especial recomendaría que a xente lera este libro porque é interesante e que che mete medo cando o les pola noite, pódovolo asegurar por experiencia. **(Xi Peng)**

Trata dunha casa encantada, que Adrián Novoa comprara a través dun anuncio no xornal. *Xa coa casa comprada, escíbelle cartas ao seu amigo Xabier Louzao, falándolle de como é a casa e os feitos que alí acontecen ao longo dos días. Pero Xabier está de viaxe e non le as cartas ata despois. Tras uns días na casa comezan a acontecer feitos estraños: soa o teléfono e cando contesta escóitanse ruidos raros, cartas por fax pedindo socorro e ademais isto sucedía sen que estes aparellos estiveran conectados. Tras recibir una nota na que lle dicía *socorro* varias veces e tamén repetía *arriba*; decidiu seguir as indicacións e subiu ao faio, pero non atopou nada, só un libro moi grosso no que había un gravado cunha rapaza mirando pola ventá unha paisaxe que a Adrián lle parecía moi familiar. Ao día seguinte volveu a mirar o gravado e xa non era o mesmo, agora a nena estaba durmindo na cama! Pasaron os días, e cada día o gravado cambiaba, ata que un día a rapaza escribiu na parede: *SOCORRO ADRIÁN*. Entón decidiu investigar o asunto e descubriu ... Nun dos últimos gravados a rapaza aparecía ..., entón foi cando Adrián decidiu baixar pola trapela e ... Con esta última carta e co feito de non saber nada de Adrián nos últimos días, Xabier foi alí, ata a casa, para comprobar se o que lle contaba era certo ou era unha broma de moi mal gusto. Atopou o libro e el tamén quedouse horrorizado, así que tomou a decisión de entrar no cuarto oculto da casa que por algunha razón volvía a estar pechado. Cando entrou, atopou ..., viu unha figura cuns ollos brillantes que lle gritou que se fose, que tiñan fame, e naquela voz. O libro gustoume, pero o que non me convence é o do final ...* **(Itziar)**

O libro gustoume moito, pareceume moi interesante. Como me pasou co libro de "O centro do labirinto" (do mesmo autor); non podía deixar de ler, enganhoume moito a historia e saber que era o que ía contar Adrián na súa próxima carta. O que máis me gustou foi a forma na que o escritor conta os sucesos (iso é o que máis me gusta dos libros de Agustín Fernández Paz). E o que menos me gustou foi que non contase ao final o que había baixo a trapela e que significaban os gravados nas portas das habitacións ... O libro dá bastante medo, e é moi intrigante. Recomendoo a todos os que queiran ler un libro voluntario porque é bastante curto e fácil de ler, pero á vez moi interesante. **(Marta)**

Este libro, en xeral, encantoume. Pareceume una historia moi intrigante xa que, hai tantas partes de tensión e suspense que engánchate e méteche no relato. O único que non me gustou foi que non explica moi ben o que ocorre e ás veces non dá a entender o que pasa, pero polo demais pareceume moi entretido, ademais de ser doado de ler e moi curto. Realmente, o libro conseguiu meterme medo, porque non che explica o que sucede pero deixa que a túa imaxinación faga ese traballo, polo que ao final imaxínaste o teu maior medo no relato. **(Marta)**

En xeral gustoume moito o libro. O mellor para min é a maneira na que a historia está relatada, en forma de cartas entre os tres personaxes protagonistas. Coma as cartas están escritas na primeira persoa, para min foi moi doado meterme na pel de Adrián e ata de Xabier. Mesmo cheguei a sentir angustia cando Adrián chega ao miolo do asunto e reflexionei durante moito tempo que faría eu nesa situación. Seguramente nunca chegaría a entrar na cripta, xa que ás veces eu son moi precavido. As cartas tamén fan que a lectura sexa máis natural e fluída e sempre conservas a intriga, xa que nin eles saben que vai pasar.

Outra cousa que me gustou moito é o final que ten o libro. Cada quen pode pensar de forma moi diversa que pasaba coa muller do gravado e que había na cripta. Eu xa pensei no meu propio final, aínda que pode ser moi diferente ao de todos os demais lectores. Os personaxes teñen unha actitude moi afouta, sempre afrontaron os seus medos e temores. Para min iso é ser valente, porque todo o mundo sente medo de algo, mais os verdadeiramente valentes son os que lle poden prantear cara aos seus problemas. Ademais tamén son moi impacientes e arriscados. Nin Xabier nin a súa irmá Tareixa son capaces de facer o que lles dicían as cartas, algo que seguramente lles empeorou a situación. Aínda que Tareixa finalmente é a única que decide ... o gravado cando ve o que hai nel. O vocabulario é sinxelo e a historia é moi doada de ler. A súa vez emprega a linguaxe coloquial coa que a xente fala cos seus amigos, o que fai que o protagonista semelle máis preto dos lectores, como se puidese ser calquera de nós, unha persoa corrente. Pola contra unha cousa que xa non me gusta en xeral dos libros de Agustín Fernández Paz é que adoita empezar as súas historias a partir dos anuncios por palabras dos xornais. Isto gustábame ao principio, mais xa lin tres dos seu libros que empezan así e agora é un pouco repetitivo. **(Andrés)**

O libro de "Cartas de inverno" pareceume moi interesante e tamén moi ameno. Os capítulos para min máis interesantes foron os das oito cartas que recibe Xabier de Adrián e que nese momento esta lendo Tareixa (a irmá de Xabier). A razón pola que me pareceron interesantes é que cando les un é tan interesante que queres ler xa o seguinte para saber o que vai pasar, esta tamén é a razón pola cal penso que se le moi rápido. Os últimos dous capítulos son o desenlace xa que neles nárrese a historia de como Xabier vai á casa enmeigada e acaba desaparecendo co seu amigo. Nestes capítulos tamén se narra a viaxe que fai Tareixa a casa de Dorofña e o descubrimento por esta do libro dos gravados que remata queimando. En xeral é un libro moi entretido e de misterio que me gustou moito. **(Patricia)**

Foi un libro de misterio que en xeral gustoume moito, polo que Agustín segue sen defraudarme coas súas novelas. Unha das cousas que máis me gustou desta obra foi o moito que me enganhou a ela, xa que non podía esperar a que chegara o seguinte capítulo, sempre me deitaba pensando no que lle pasaría a Adrián na seguinte carta, e, durante os dous días que estiven lendo o libro, este engaioloume por completo e incluso fíxome sentir medo por momentos. O xénero de misterio sempre foi un xénero que me gustou, pero eu creo que o libro estaría mellor se o final non fose ... Por poñer un exemplo o final sería mellor se Adrián houberse encontrado a unha muller atrapada no cuarto subterráneo e os dous saísen vivos. Outra cousa que non me gustou moito foi o dos libros dos gravados, xa que me pareceu un pouco fantasioso que os debuxos cambiara de posición. Parece ben que o autor mencionara o tema da morriña dos galegos coa nosa terra, xa que Adrián e Xabier, despois das súas aventuras polo estranxeiro acaban volviendo a Galicia. Xa que o vocabulario foi moi sinxelo e que a obra é moi intrigante, foi un libro fácil de ler. Tamén gustoume a actitude de Adrián a hora de afrontar a situación dos mensaxes e dos gravados, xa que , aínda que tiña medo, decidiu afrontalo. (Cando podía ter escapado ó recibiren a primeira mensaxe). Parece que esta historia podería dar lugar a unha segunda parte se Tareixa ... En definitiva un libro moi interesante e ameno que lle recomendaría a moitas persoas. **(Jorge)**

Xabier Louzao é un escritor que volve a Galicia despois de estar durante un tempo traballando en Ourense. Cando chega á súa casa, encontra unha morea de cartas do seu amigo Adrián. Nestas cartas, Adrián explícalle a Xabier que no xornal encontrara un anuncio dunha casa encantada, que acaba comprando. Dille que, uns días despois de acomodarse á mesma, comeza a recibir misteriosas chamadas telefónicas e mensaxes por fax, con textos ilexibles que pouco despois se fan máis claros e traen mensaxes pedindo socorro. Adrián, estrañado polo que estaba a ocorrer, explora a casa na procura de pistas, ata que encontra un libro de gravados no faio da mansión, no que aparece unha muller nunha habitación que parecía observar pola ventá á paisaxe. Ao día seguinte, Adrián ve o libro de gravados outra vez e decátase de que a rapaza xa non se atopa na ventá. Días despois, o gravado cambia de novo e na parede da habitación aparece a mensaxe: "SOCORRO ADRIÁN". Adrián supón que realmente algo moi estraño está a pasar na casa. Atopa unha habitación secreta que coincide coa do libro de gravados, que leva a outro cuarto. Cando volve a ver o gravado, a rapaza parece atemorizada, intentando protexerse de algo que Adrián descoñece. É neste momento cando decide ir a salvar á rapaza e accede ó outro cuarto. Xabier, despois de ler as cartas, non se cre nada do que lle conta Adrián. Mais para comprobalo, decide ir ata á casa encantada e explorar alí pola súa conta. Encontra o libro de

gravados, que o deixa horrorizado, e cando atopa a habitación secreta, baixa ao cuarto onde se supón que está Adrián. ...

Na miña opinión, resultoume un libro moi entretido. Agustín Fernández Paz nunca me decepciona, escribindo historias que sempre son interesantes e misteriosas. Por isto é un dos meus escritores favoritos. A historia comeza da mesma maneira que noutras obras, cun anuncio por palabras, forma moi orixinal de comezar a escribir un relato. Pareceume unha historia bastante curta. Ten un final ... A trama ten moito suspense, facendo o libro moi interesante e impedindo que o soltemos ata que o rematamos de ler. A maior parte do libro comprende a lectura das cartas de Adrián, explicándonos deste xeito, a través delas, o que lle vai acontecendo. Emprégase unha linguaxe coloquial, cun vocabulario sinxelo que fai que o libro sexa moi doado de ler. Definitivamente, "Cartas de Inverno" entra nos meus libros favoritos en lingua galega, pola súa historia, que mestura misterio cunha sensación de terror, que te atrapa ata o fin, pola linguaxe sinxela e unha trama dinámica que remata quizais antes do esperado. É un libro que recomendaría tanto a novos como maiores que queiran gozar dunha historia curta, mais intensa. **(Luís)**

Este libro encantoume, pareceume un libro moi interesante e intrigante xa que hai moitas partes de tensión que conseguiron engancharme no relato. Só houbo unha cousa que non me gustou da historia e foi que non explica ben algunhas cousas como o que había dentro da trapela e o final ..., pero iso tamén che deixa voar a túa imaxinación. Este libro conseguiu meterme medo de verdade. Isto demostra que Agustín Fernández Paz segue sen defraudarme xa que é un moi bo escritor. **(Marcos)**

É un libro de medo e de intriga, a min persoalmente gustoume moito e recomendaría a súa lectura, creo que se tivese que dicir algún comentario negativo del mencionaría o seu final, que non ... O libro está narrado por Tareixa que le as cartas do sobre enviadas por Adrián ao seu irmán a súa vez enviadas a ela. As cartas de Adrián son as que máis me gustaron, nelas conta a experiencia de vivir nunha casa encantada e só tes a seguridade de que esta ben mentres haxa cartas que ler. Finalmente as cartas de Xavier gustáronme por que resolveron algunhas das miñas dúbidas sobre o que lle a acontecera a Adrián. **(Marcela)**

O libro gustoume moito por que é de misterio e intriga, coma os que me gustan a min. Sobre todo a parte na que o pobre Adrián ten que soportar as chamadas, os fax e as mensaxes que recibía na casa enmeigada pedíndolle axuda. Este libro resultoume moi sinxelo de ler, polo seu vocabulario e a súa estrutura. Quizais a parte que menos me gustou foi o final, xa que, ... Xabier e Adrián, os dous amigos, ... Tareixa, coa axuda do inspector de Vigo, conseguiu resolver o caso de Adrián e ... Se tivese que valorar este libro do 1 ao 10, daríalle un 8, e recomendaríallo a todas aquelas persoas que queiran pasar un bo rato gozando da lectura. **(Lucía)**

Este libro enganchoume dende o primeiro momento, peréceme que o autor consegue manter ao lector atento á intriga todo o rato, porque non conta acontecementos superfluos, senón que todos os datos son importantes. Outra forma coa que se manifesta a intriga é a omisión de certos fragmentos, como por exemplo cando se di: "non encontro palabras para conseguir describir o que vin na cova" ou a continua apelación a contar un feito pero retrasando o relato o máis posible. Como non ía ser doutra forma Agustín Fernández Paz sempre consegue poñer na súa historia un anuncio por palabras, o que lle dá un toque máis auténtico e realista, dentro do fantasioso do argumento; ademais é unha forma sinxela de conseguir ideas para unha historia, pois sempre hai anuncios moi orixinais. Pero o que si que me impresionou profundamente é a mestría coa que consegue meter medo, co gravado que se move, as chamadas de socorro e, como xa dixen antes, a continua omisión de información. Persoalmente non me gustou moito o final, porque ..., mais tamén admito que dende o punto de vista do escritor é unha boa forma de deixar que a súa novela ...

Creo que é o libro que máis me gustou de galego este curso, entre outras cousas porque non crin que me puidese chegar a transmitir ese terror que sentía cada personaxe, ata intentei comunicarme con Adrián dicíndolle: non por favor non vaias á cripta, non entres aí, ou non abras o libro, coma se fose unha película; aínda sabendo que o final xa está escrito e non se pode rectificar. Este libro é moi recomendado para todos eses estudantes que precisen ler un libro voluntario e non estean moi interesados na lectura, xa que é moi curtísimo e ten un léxico sinxelo e fácil de seguir a historia e os acontecementos en 1ª persoa. Pero tampouco hai que excluír a todos aqueles lectores afeccionados que lles interese a intriga e dispostos a imaxinar un final a certas cuestións do libro. **(Clara)**

